

SECRETARÍA XERAL
Xestión de Xuntas de Goberno
2024/G007/000025

D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

C E R T I F I C A:

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 12 de decembro de 2024, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

“03. CONVOCATORIA DAS AXUDAS DE APOIO Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E/OU DEPENDENCIA.- ANO 2025.-

Proposta de Acordo

Exp. 2024/A002/000019

AXUDAS DE APOIO Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E/OU DEPENDENCIA.- ANO 2025

ANTECEDENTES:

Na sesión plenaria do día 14 de decembro do 2018, o Pleno da Corporación aprobou as Bases reguladoras para a concesión das axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada impulsadas pola concellaría de servizos sociais.

Como cada ano procede a aprobación da convocatoria para 2025, concretando o prazo de presentación de solicitudes.

Neste caso, e ao abeiro do disposto no artigo art. 56 do RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, faise unha tramitación anticipada do gasto ó exercicio 2024, polo que a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión. Esta condición queda recollida na propia convocatoria.

As axudas á mobilidade están contempladas no obxectivo estratéxico 1. Benestar e protección social, do Plan Estratéxico de Subvencións, dentro da liña de actuación 1.1 que contempla estes indicadores de avaliación, que deberán ser recollidos a finais do ano 2025:

- Número de persoas beneficiarias
- % solicitudes con axuda sobre total
- Importe medio persoa

Consta informe emitido pola Traballadora Social responsable, Isabel Rego Cristobal con CVD: HRnFRaTz3Gz+II/+pCUq asinado o día 18 de novembro de 2024.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a Convocatoria para o ano 2025 que se transcribe no ANEXO I, das axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada, cos seguintes condicionantes:

- Crédito: 50.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 231.48903 do Orzamento municipal de 2025, como tramitación anticipada do gasto, quedando condicionada a concesión de subvencións á existencia de crédito axeitado e suficiente.
- Prazo de presentación: Desde o día seguinte da publicación da convocatoria no BOP ata o 31 de outubro do ano 2025.

Segundo.- Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da Base Nacional de Subvención, no taboleiro de anuncios e súa difusión na páxina web do concello.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos Sociais deste concello, así como á Intervención Municipal.

En Arteixo, asinado dixitalmente por D^a Inés Ramos Álvarez, Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

ANEXO I

CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 DAS AXUDAS DE APOIO Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E/OU CON DEPENDENCIA

ARTIGO 1.-OBXECTO

Mediante esta disposición convócanse anticipadamente as axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada, destinadas a facilitar o uso dun medio alternativo de transporte, a aquelas gravemente afectadas na súa mobilidade e que cumpran cos requisitos das Bases reguladoras destas, aprobadas no Pleno de 18 de decembro do 2018 .

ARTIGO 2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación comezará o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia e rematará o **31 de outubro de 2025** e, en todo caso, no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no Boletín Oficial da Provincia mediante resolución do órgano municipal competente.

ARTIGO 3.- CRÉDITO

O importe total destinado a estas subvencións é de 50.000,00€.

As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación 231.48903 do Orzamento municipal de 2025, quedando condicionada a concesión de subvencións á existencia de crédito axeitado e suficiente

A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación mediante resolución do órgano municipal competente e terá efecto logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

ARTIGO 4.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "SIUSS", co obxecto de xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Arteixo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Alcalde do Concello de Arteixo, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

ARTIGO 5. - REMISIÓN NORMATIVA

En todo o non recollido nesta disposición aplicaranse o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais

publicado no BOP do 23/04/2018; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, *General de Subvenciones*, e no seu Regulamento publicado no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, ademais de toda aquela que pola súa materia específica sexa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da Provincia.

CONVOCATORIA PARA EL AÑO 2025 DE LAS AYUDAS DE APOYO A LA MOVILIDAD PARA PERSONAS CON DIVERSIDAD FUNCIONAL Y/O CON DEPENDENCIA

ARTÍCULO 1.-OBJETO

Mediante esta disposición se convocan anticipadamente las ayudas de apoyo a la movilidad para personas con diversidad funcional y/o con dependencia acreditada, destinadas a facilitar el uso de un medio alternativo de transporte, a aquellas gravemente afectadas en su movilidad y que cumplan con los requisitos de las Bases reguladoras de estas, aprobadas en el Pleno de 18 de diciembre del 2018.

ARTÍCULO 2.- PLAZO DE PRESENTACIÓN DE Las SOLICITUDES

El plazo de presentación comenzará el día siguiente al de la publicación de esta disposición en el Boletín Oficial de la Provincia y finalizará el **31 de octubre de 2025** y, en todo caso, en el momento de agotamiento del crédito presupuestario, lo que será publicado en el Boletín Oficial de la Provincia mediante resolución del órgano municipal competente.

ARTÍCULO 3.- CRÉDITO

El importe total destinado a estas subvenciones es de 50.000,00€.

Las ayudas previstas en esta convocatoria se harán efectivas con cargo a la aplicación 231.48903 del Presupuesto municipal de 2025, quedando condicionada la concesión de subvenciones a la existencia de crédito idóneo y suficiente

La cuantía establecida en esta convocatoria podrá ser objeto de ampliación mediante resolución del órgano municipal competente y tendrá efecto luego de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, de conformidad con el establecido en el Reglamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, así como lo de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre.

ARTÍCULO 4.- DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

De conformidad con la Ley orgánica 3/2018 del 5 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, los datos personales recogidos en la tramitación de este procedimiento, cuyo tratamiento y publicación autoricen las personas interesadas mediante la presentación de las solicitudes, serán incluidos en un fichero denominado "SIUSS", con el objeto de gestionar el presente procedimiento e informar a las personas interesadas sobre su tramitación. El órgano responsable de este fichero es el Ayuntamiento de Arteixo. Los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición se podrán ejercer ante el Alcalde del Ayuntamiento de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Arteixo, mediante lo envío de una comunicación a la siguiente dirección: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), o a través de un correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

ARTÍCULO 5. - REMISIÓN NORMATIVA

En todo lo no recogido en esta disposición se aplicarán el dispuesto en la Ley 39/2015, de 1 de octubre; en la Ordenanza municipal núm. 26 reguladora de la concesión de subvenciones municipales publicado en el BOP del 23/04/2018; en la Ley 9/2007, de 13 de junio, en el Decreto 11/2009, de 8 de enero, por lo que se aprueba su reglamento; en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en su Reglamento publicado en el Decreto 887/2006, de 21 de julio, además de toda aquella que por su materia específica sea aplicable.

DISPOSICIÓN ÚLTIMA.- ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el Boletín oficial de la Provincia.

**** Polo Secretario Xeral, dase conta que obra no expediente informe de fiscalización (CVD: yfrsSJ1uvAji8Tco5ij+), emitido pola Viceinterventora Municipal, Dña. Luz María Villa Álvarez, en data 09 de decembro de 2024, fiscalizado de conformidade.**

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 2005/2023 de data 19 de xuño do 2023, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.